



Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)

Tfno: 981 802 062

[info@dodro.gal](mailto:info@dodro.gal)

[www.dodro.gal](http://www.dodro.gal)

**EXPEDIENTE:** 2023/E001/000010 (Relacionado con 2022/E001/000014)

**ASUNTO:** PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE CONCURSO DE MÉRITOS, DUNHA PRAZA DE CONSERXE, GRUPO V NO MARCO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE DODRO, INCLUÍDA NA OFERTA EXTRAORDINARIA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022..

**TRÁMITE:** ACTA 2

Sendo ás 11:30 horas do día 23/12/2024, reúnese na Casa do Concello de Dodro o Tribunal Cualificador encargado do proceso selectivo para a provisión de unha praza de CONSERXE, no marco do proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Dodro incluída na oferta extraordinaria de emprego público do ano de 2022 (BOP núm. 102 do 31/05/2022 e no DOG núm. 103 do 31/05/2022). As bases foron aprobadas por Resolución da Alcaldía número 675/2022 de 30 de decembro de 2022 e pola Resolución da Alcaldía número 6/2023 de 17 de xaneiro de 2023 de corrección de erros.

O anuncio e as bases xerais e específicas da convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o luns 23 de xaneiro de 2023 (BOP núm. 15) e publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

O anuncio da convocatoria dos procesos selectivos, polo sistema de concurso, correspondentes ás prazas de estabilización do emprego temporal incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022, foi publicado no Diario Oficial de Galicia o 13 de marzo de 2023 (DOG núm. 50).

No Boletín Oficial do Estado publicouse a "*Resolución de 15 de marzo de 2023, del Ayuntamiento de Dodro (A Coruña), referente a la convocatoria para proveer varias plazas*"

**Presidenta:**

Titular: María José Rodríguez Expósito, funcionaria do Concello de Dodro.

**Vogais:**

Titular: María Elisabet Domínguez Rodríguez, persoal laboral fixo do Concello de Dodro

Titular: Natividad Lorenzo Campos, persoal laboral fixo do Concello de Dodro (suplente).

**Secretaria:**

Titular: Sandra María García Chenlo, funcionaria do Concello de Dodro

Escusan a súa ausencia María Lourdes Diéguez Rarís, persoal laboral fixo do Concello de Dodro e Ana María Rial Dafonte, funcionaria do Concello de Dodro.

Dáse conta de que en sesión realizada o 13/12/2024, segundo o previsto nas bases e vistos os méritos achegados polas persoas aspirantes, o Tribunal Cualificador por unanimidade dos seus membros outorgou as seguintes puntuacións por orde decrecente:

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN EXPERIENCIA	PUNTUACIÓN FORMACIÓN	PUNTUACIÓN TOTAL
Quintáns Romero, Jesús Ramón	***602***	18	30	48
Montoiro Castro, Sonia María	***158***	3,60	30	33,60
Rey Fernández, Cristina	***830***	0	30	30
Nieto Figueira, Yolanda María	***898***	0	0	0

Con data 13/12/2024 procedeuse á publicación da acta no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Durante o período de 5 días hábiles outorgado , segundo dilixencia da funcionaria interina encargada do Rexistro, foi presentado o seguinte escrito de alegacións:

Interesado/a	Data de presentación	Núm. Rexistro entrada
CRISTINA REY FERNÁNDEZ	20/12/2024	202499900001049

Procédese ao estudo da citada alegación na que se expón que *“Na baremación da experiencia profesional para obter a puntuación correspondente para a praza de conserxe non se me ten en conta a documentación presentada. Presento un certificado de servizo prestados no Concello de Rianxo, firmado pola secretaria de dita entidade en onde se plasma o tempo que teño traballado como conserxe. Con un total de 29 meses traballados a puntuación na resolución final non concorda con 0 puntos. Comunícase en dita resolución que non presento informe de Vida Laboral, pero, con este informe aprobo que estiven contratada como conserxe durante 29 meses ata a data de presentación da documentación para obter a dita praza. ”*

A base 8 das que regulan o proceso indica no apartado a) o seguinte:

*“a) Experiencia profesional (70 puntos)*

*Os efectos das presentes bases por servizos prestados entenderanse os realizados en virtude de contrato laboral temporal ou relación estatutaria temporal. Serán aceptados aqueles documentos que acrediten de forma fidedigna a experiencia profesional.*

*A experiencia profesional deberá acreditarse mediante certificación, expedida pola Administración Pública na que prestou servizos. O certificado deberá facer constar os servizos prestados que se pretendan facer valer como experiencia profesional na fase de concurso, expresará para este efecto as funcións desenvolvidas, debendo ademais, achegarse copia do contrato ou nomeamento. O certificado deberá así mesmo acompañarse de certificación da vida laboral, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, na que consten expresamente os períodos e grupo de cotización correspondente.*

*Enténdese por servizos prestados na Administración pública os que derivan dunha contratación laboral/relación estatutaria temporal en calquera das súas modalidades. (...)”*

Examinada novamente a documentación presentada pola alegante, resulta que non foi presentado contrato de traballo ou resolución/acordo de nomeamento nin informe de vida laboral.

En consecuencia entende o Tribunal que os méritos alegados como experiencia profesional non poden ser avaliados por non presentar a documentación xustificativa esixida nas bases.

En consecuencia, procede non modificar a valoración efectuada en sesión realizada o 13/12/2024.

Visto todo o anterior, o tribunal por unanimidade ACORDA:

**PRIMEIRO.-** Desestimar a alegación presentada por CRISTINA REY FERNÁNDEZ en data 20/12/2024 con núm. R.E. 202499900001049 e en consecuencia manter a puntuación outorgada na sesión realizada o 13/12/2024.

**SEGUNDO.-** Outorgar as seguintes puntuacións definitivas obtidas polos/ás candidatos/ as:

MONTOIRO CASTRO, SONIA MARÍA			Puntuación
Experiencia profesional (máx. 70 puntos)	Servizos prestados na entidade local convocante	6 meses	3,6 puntos
	Servizos prestados noutras administracións locais		0 puntos
	Xunta de Galicia		0 puntos
<b>TOTAL EXPERIENCIA</b>			<b>3,60 puntos</b>
Formación (máx. 30 puntos)	Cursos de formación		
	Cursos transversais	Curso de prevención de riscos laborais, nivel básico ISSGA.	30 puntos
	<b>TOTAL FORMACIÓN</b>		
<b>TOTAL</b>			<b>33,60 puntos</b>
<b>OBSERVACIÓNS:</b> non se valoran o resto dos cursos por ter alcanzado xa a puntuación máxima.			

NIETO FIGUEIRA, YOLANDA MARÍA			Puntuación
Experiencia profesional (máx. 70 puntos)	Servizos prestados na entidade local convocante	0 meses	0 puntos
	Servizos prestados noutras administracións locais		0 puntos
	Xunta de Galicia		0 puntos
<b>TOTAL EXPERIENCIA</b>			<b>0 puntos</b>
Formación (máx. 30 puntos)	Cursos de formación		0 puntos
	Cursos transversais		0 puntos
	<b>TOTAL FORMACIÓN</b>		
<b>TOTAL</b>			<b>0 puntos</b>

QUINTÁNS ROMERO, JESÚS MARÍA			Puntuación
Experiencia profesional (máx. 70 puntos)	Servizos prestados na entidade local convocante	30 meses	18 puntos
	Servizos prestados noutras administracións locais		0 puntos
	Xunta de Galicia		0 puntos
<b>TOTAL EXPERIENCIA</b>			<b>18 puntos</b>
Formación (máx. 30 puntos)	Cursos de formación		
	Cursos transversais	Curso de prevención de riscos laborais, nivel básico ISSGA.	30 puntos
	<b>TOTAL FORMACIÓN</b>		
<b>TOTAL</b>			<b>48 puntos</b>

QUINTÁNS ROMERO, JESÚS MARÍA	Puntuación
<b>OBSERVACIÓNS:</b> non se valoran o resto dos cursos por ter alcanzado xa a puntuación máxima.	

REY FERNÁNDEZ, CRISTINA			Puntuación
<b>Experiencia profesional (máx. 70 puntos)</b>	Servizos prestados na entidade local convocante		0 puntos
	Servizos prestados noutras administracións locais		0 puntos
	Xunta de Galicia		0 puntos
	<b>TOTAL EXPERIENCIA</b>		<b>0 puntos</b>
<b>Formación (máx. 30 puntos)</b>	Cursos de formación		
	Cursos transversais	Curso sistema operativo, busca da información: internet/intranet e correo electrónico (windows 10)	30 puntos
	<b>TOTAL FORMACIÓN</b>		<b>30 puntos</b>
<b>TOTAL</b>			<b>30 puntos</b>
<b>OBSERVACIÓNS:</b> non aporta vida laboral			

**TERCEIRO.-** De conformidade co disposto nas bases aprobadas para o presente procedemento de selección, MANTER A PROPOSTA Á ALCALDÍA para a obtención de praza de CONSERXE persoal laboral fixo Grupo V, por ser a persoa que superou o proceso de selección con maior puntuación, ao seguinte aspirante QUINTÁNS ROMERO, JESÚS RAMÓN, con DNI \*\*\*602\*\*\*

**CUARTO.-** Publicar as seguintes cualificacións finais das persoas aspirantes no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN EXPERIENCIA	PUNTUACIÓN FORMACIÓN	PUNTUACIÓN TOTAL
Quintáns Romero, Jesús Ramón	***602***	18	30	48
Montoiro Castro, Sonia María	***158***	3,60	30	33,60
Rey Fernández, Cristina	***830***	0	30	30
Nieto Figueira, Yolanda María	***898***	0	0	0

Sendo as 11:50 h dáse por remato o acto, estendéndose a presente acta que é asinada por todos os membros do tribunal, do que dou fe.